

Normas do Programa Activa 2026-2027-Actividades parroquias

1-Obxecto

Desde a Concellería de servizos sociais e discapacidade do Concello de Monforte de Lemos organiza unha nova edición do PROGRAMA ACTIVA a desenvolver de outubro de 2026 a xuñe de 2027 a través dun conxunto de actividades que teñen como finalidade de favorecer o envellecemento activo das persoas maiores, promover a participación social da poboación, posibilitar espazos de encontro interxeracional e dinamizar os núcleos rurais.

2-Actividades ofertadas

Oféranse un total de 8 actividades e de **268 prazas** que son **gratuítas** para as persoas participantes e subvencionadas no 100% polo Concello: Ximnasia de mantemento, conservando a memoria, manualidades, cerámica, costura creativa, costura básica, bailes de salón e bailes latinos.

3-Persoas solicitantes

Poderán solicitar algunha das actividades ofertadas os representantes das parroquias sempre **que dispoñan dun local con condicións axeitadas para desenvolver a actividade**. Solicitarase unha actividade das ofertadas.

Terán preferencia na participación na actividade concedida os veciños/as da parroquia. No caso de existir prazas vacantes poderán participar os veciños doutras parroquias.

4-Requisitos das persoas participantes

As actividades a desenvolver nos locais sociais das parroquias interesadas están dirixidas a calquera persoa empadroada nas parroquias, aínda que o colectivo prioritario é o de persoas maiores. Así mesmo, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Non ter praza asignada nas actividades programadas para o mesmo período no centro cívico social municipal.
- Non presentar alteracións e comportamento que poidan alterar o normal funcionamento da actividade, nin padecer enfermidade transmisíble con risco de contaxio. No caso de participar en actividades que requiran actividade física, non padecer doenza que poida ocasionar risco para a saúde.
- Aceptar as condicións do programa.

5-Prazo e lugar de presentación de solicitudes de actividade

O representante da parroquia presentará o modelo normalizado de solicitude presencialmente no Rexistro do Concello ou na Secretaría do Centro cívico social en horario de 9,00 a 14,00h ou no rexistro telemático do **16/09/2026 ó 30/09/2026**.

As persoas interesadas en participar na actividade concedida dirixirse o representante da parroquia para que proceda a inscibir na actividade facilitando os datos necesarios (nome e apelidos, DNI, data de nacemento).

O prazo estará aberto ata cubrir prazas ofertadas en cada actividade.

5-Procedemento de concesión de actividades

Os servizos sociais comunicarán a concesión da actividade solicitada no prazo de 1 semana desde o prazo de finalización de solicitudes. No caso de imposibilidade de realizar a actividade solicitada por non existir dispoñibilidade de monitor proporase a participación noutra actividade das ofertadas. Terase en conta a preferencia de horarios para realizar a actividade concedida aínda que estará condicionada á dispoñibilidade horaria do monitor/a. No caso de renunciar á actividade concedida presentarán a renuncia por escrito no Rexistro municipal.

6- Condicións específicas

Para poder desenvolver a actividade é preciso dispor dun local que reúna condicións axeitadas para desenvolver a actividade e non supoña un risco para os participantes.

O representante da parroquia será o encargado de publicitar a actividade concedida, así como informar e inscribir ás persoas interesadas en participar consonte ós requisitos establecidos. Unha semana antes ó inicio da actividade o representante da parroquia remitirá ós servizos sociais a listaxe de persoas participantes, segundo o modelo facilitado para realizar comprobación de cumprimento de requisitos e confirmar a asignación da praza.

Teñen preferencia para participar os veciños/as que residan na parroquia, máis admitirase a participación na actividade de persoas que residan noutras parroquias sempre e cando existan prazas dispoñíbles.

No caso de que a demanda sexa superior á oferta de prazas na parroquia elaborárase unha lista de agarda na actividade, que no caso de producirse algunha vacante, será chamada por orde de prelación na lista. Producirase a baixa da actividade e a perda de dereitos automaticamente no caso de que a persoa participante acumule 2 faltas sen xustificar no mes. Para iniciar a actividade é necesario que estean cubertas o 50% de prazas e non deberá baixarse durante o desenvolvemento do 50%. O Concello reservárase o dereito de anulación de calquera das actividades se non existise o número de inscricións suficientes ao inicio das mesmas, así como adotar medidas oportunas no caso de non cumprir o mínimo de prazas durante o seu desenvolvemento.

As persoas participantes deberán levar o material requirido na actividade escollida.

7- Obrigas

- Cumprir coas condicións establecidas no programa.
- Levar o material necesario para a actividade para a que foi seleccionado.
- No caso de persoas con discapacidade estar en condición de realizar a actividade. No caso de precisar apoio de terceira persoa poderán acudir con persoa acompañante para que a asista durante a súa participación sen que teña a condición de persoa participante.
- Participar de forma regular. Producirase a baixa na actividade e a perda de dereitos automaticamente no caso de que a persoa participante acumule 2 faltas inxustificadas no mes. O monitorado comunicará á persoa responsable do programa de xeito inmediato a baixa coa finalidade de que poida acceder á actividade a persoa que se atope no primeiro posto da listaxe de agarda da correspondente actividade.

Actividades en parroquias



Programa Activa

Actividades de Envellecemento Activo e
Interxeracionais para veciños e veciñas de
Monforte de Lemos

2026/2027


Prazo de Inscrición:

DO 16 AO 30 DE SETEMBRO DE 2026

Servizos Sociais (Paseo do Malecón s/n)
Oficina de Rexistro (Campo San Antonio s/n)



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS



XIMNASIA DE MANTEMENTO




COSTURA CREATIVA
COSTURA BÁSICA



BAILES DE SALÓN



MANUALIDADES



CONSERVANDO A MEMORIA



CERÁMICA



BAILE



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

FESTIVIDADE	DATA
Día da Constitución Española	8 de decembro de 2026
Vacacións de nadal	22 de decembro de 2026 ao 7 de xaneiro de 2027
Entroido	08,09,10 de febreiro de 2027
San Xosé	19 de marzo de 2027(festivo autonómico)
Vacacións Semana Santa	22 de marzo ó 29 de marzo de 2027
Martes de Pascua	30 de marzo 2027-festividade local
Día letras galegas	17 de maio de 2027

INSCRICIÓN/ INSCRIPCIÓN

- OFICINA DO REXISTRO XERAL DO CONCELLO
- A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA.
- OFICINA DE SERVIZOS SOCIAIS

Paseo do Malecón, s/n - 1ª Planta

982 416 541